

*X. M. B.*

5º educación primaria  
**Día das letras galegas 2021**

# XELA ARIAS

Xela Arias Castaña naceu o 4 de marzo de 1962 en Sarria (Lugo) onde seu pai era mestre de primaria. Era a primoxénita de Valentín e Amparo.

Foi inscrita co nome de María de los Ángeles, xa que daquela non se podían poñer nomes galegos. En 1984 consegue que lle recoñezan o dereito a chamarse Xela, tal como a coñecían todos.

Estudou infantil e primaria no Colexio Fingoi, de Lugo, e no de Sárdoma- Moledo, en Vigo; e os estudos de secundaria no IES Castella, tamén de Vigo, cidade na que fora destinado seu pai.

Co conto *A fraga dos paxaros faladores e a fraga leopárdica* gañou o VI Concurso de contos Infantís de O Facho da Coruña.


Foi poeta, tradutora e profesora de Lingua e Literatura Castelá en secundaria.

A súa obra poética está recollida, principalmente, en *Denuncia do equilibrio*, *Tigres como cabalos*, *Intempériome* e *Darío a diario*, dedicado ao seu fillo. Foi tradutora ao galego de obras en portugués, italiano, inglés, castelán, francés... como *As bruxas*, de Roald Dahl; *Contos ao Teléfono*, de Rodari; *O Gato Gaiado...*, de Jorge Amado...

En 1986 ingresou na Asociación de Escritores en Lingua Galega.

Faleceu na cidade de Vigo o 1º de novembro de 2003, aos 41 anos.

Polo seu traballo a prol do idioma galego e a nosa cultura a Real Academia dedícalle o Día das Letras de 2021.



XELA ARIAS



*As bruxas*, de Roald Dahl, foi traducida ao galego por Xela Arias e Lidia Iglesias.

# ACTIVIDADES BIOGRAFÍA

1. Inventa as preguntas que se correspondan a estas respostas sobre a biografía de Xela Arias Castaño.



-O 4 de marzo de 1962.



-Valentín e Amparo.



-No colexio Fingoi de Lugo e no de Sárdoma-Moledo, en Vigo.



-O Facho, da Coruña.



-Foi poeta, tradutora e profesora de secundaria.



-O 1º de novembro de 2003, en Vigo.



2. Cando Xela naceu non se podían poñer nomes en galego e tivo que agardar vinte e dous anos para poder cambialo. Poderías escribir seis nomes en galego?

3. Que acontecementos tiveron lugar na vida de Xela estes anos?

**1962** \_\_\_\_\_

**1984** \_\_\_\_\_

**1986** \_\_\_\_\_

**2003** \_\_\_\_\_

4. Completa o seguinte texto sobre Xela Arias usando as palabras do recadro.

<b>profesora</b>	<b>Contos ao teléfono</b>	<b>Sárdoma-Moledo</b>	<b>1986</b>		
<b>Lugo</b>	<b>fraga</b>	<b>Darío a diario</b>	<b>Vigo</b>	<b>mestre</b>	<b>As bruxas</b>

Xela Arias naceu en \_\_\_\_\_ pero foi rexistrada en Sarria onde seu pai era \_\_\_\_\_. Fixo os estudos primarios no colexio Fingoi, de Lugo, e no de \_\_\_\_\_.

Con once anos gañou o VI Concurso de Contos Infantís de O Facho, na Coruña, co conto *A \_\_\_\_\_ dos paxaros faladores e a fraga leopardicia*.


Foi poeta, tradutora e \_\_\_\_\_ de Lingua Castelá e Literatura. Dedicoulle ao seu fillo o libro \_\_\_\_\_.

Traduciu ao galego varios libros, entre eles \_\_\_\_\_, de Gianni Rodari, e \_\_\_\_\_, de Roald Dalh.

En \_\_\_\_\_ ingresou na Asociación de Escritores en Lingua Galega.

Faleceu en \_\_\_\_\_ o 1º de novembro de 2003.

5. Xela traduciu moitos libros ao galego, entre eles *As bruxas*, de Roald Dalh. Poderías deseñar unha portada para unha nova edición?



6. Xela fixo traducións ao galego de libros escritos en varios idiomas: italiano, portugués, inglés... Saberías unir cada título do libro *As bruxas*, de Roald Dalh co idioma que lle corresponde?

**THE WITCHES** ■

**LE STREGHE** ■

**SACRÉES SORCIÈRES** ■

**AS BRUXAS** ■

**HEXEN HEXEN** ■

**SORGINAK** ■

■ **FRANCÉS**

■ **ITALIANO**

■ **INGLÉS**

■ **ALEMÁN**

■ **ÉUSCARO**

■ **PORTUGUÉS**







*As tres deusas: a leona, a loba e a lagarta.  
Acaso non podemos ser deusas?  
Hai deusas cazadoras e deusas campesiñas.  
As primeiras son amazonas, as segundas son bruxas.*

1

Tenso inunda o ruxir da besta  
felina  
cando, máis alá dos ollos  
anuncia o festexo das fontes  
e os cervos pálidos.


Así presaxia o ventre  
o húmedo latexar  
das túas brancas asas  
polas areas extensas.

2


Teñen os ollos grises  
da loba  
o fulgor do fósforo,  
a finura da fibra tensa  
e a viaxe cambada da frecha.



Ulisquea exquisita  
un aroma leve no ar  
de pelexo quente e tremoroso  
que chimpa, descuidado  
e brandísimo  
polas lameiras frescas.  
Así latexa o meu ventre esmeralda,  
axexando ávido  
o docísimo crepitar da vida,  
que tan cálida se agacha  
no ouro calmo das tardes.



3  
Son a lagarta na pedra.  
O bandullo farto  
latexa fondo e lentamente.  
Durmo baixo o sol,  
os ollos sen párpados  
e sempre abertos.  
É mediodía.





*Festa da palabra silenciada 4 (1987)*



# ACTIVIDADES


1. Esta poesía fala de mamíferos e réptiles. Escribe as principais características de cada grupo e o nome de catro animais de cada un deles.

<b>MAMÍFEROS</b>	<b>RÉPTILES</b>
<b>CARACTERÍSTICAS</b> <hr/> <hr/> <hr/> <hr/> <hr/>	<b>CARACTERÍSTICAS</b> <hr/> <hr/> <hr/> <hr/> <hr/>
<b>ANIMAIS</b> <hr/> <hr/> <hr/> <hr/>	<b>ANIMAIS</b> <hr/> <hr/> <hr/> <hr/>



2. E falando de ollos... Completa as seguintes oracións nomeando a parte do ollo á que se refire?

**RETINA CÓRNEA NERVIO ÓPTICO IRIS RETINA**  
**CRISTALINO HUMOR VÍTREO**




3. Verdadeiro (V) ou falso (F).

- O corazón é un músculo.
- A miopía é unha enfermidade do ollo.
- Temos unha aurícula e un ventrículo.
- O caracol é un conduto espiral que ten receptores auditivos.
- As papilas gustativas atópanse no nariz.
- O otorrinolaringólogo é o médico dos oídos, nariz e larinxe.
- O cerebro non ten dúas partes simétricas.
- As células do sistema nervioso chámanse neuronas.

4. Le de novo a poesía. Localiza na sopa de letras estas palabras do recadro que aparecen na obra de Xela.



**BRANDÍSIMO  
FÓSFORO  
PÁLIDOS  
DOCÍSIMO  
HÚMIDO  
ÁVIDO**



5. Localiza os verbos que aparecen na poesía e clasifícaos segundo sexan da 1ª, 2ª ou 3ª conxugación.

**1ª CONXUGACIÓN**

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

**2ª CONXUGACIÓN**

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

**3ª CONXUGACIÓN**

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

6. Xela fala na poesía do mediodía e da tarde. Ordena as cinco principais comidas que deberíamos facer cada día.

**A CEA    O ALMORZO    A MERENDA    A PARVA    O XANTAR**

**A PRIMEIRA HORA** \_\_\_\_\_


**A MEDIA MAÑÁ** \_\_\_\_\_

**AO MEDIODÍA** \_\_\_\_\_

**POLA TARDE** \_\_\_\_\_

**Á NOITE** \_\_\_\_\_

7. Lembras o comezo do poema? De que animais fala? Coloréaos.



\_\_\_\_\_



\_\_\_\_\_



\_\_\_\_\_

8. E falando de números. Serás quen de resolver este problema?  
Teño unha corda de 120 metros e outra de 96 metros. Quero cortalas de xeito que todos os anacos sexan exactamente iguais, pero o máis longos posible.

Cantos anacos de corda obterei?



Solución: m.c.d de 120 e de 96 = 24



9. Na poesía aparecen dous superlativos. Cales son? Arrodeaos.

**FORTÍSIMO**

**ALTÍSIMO**

**DOCÍSIMO**

**BRANDÍSIMO**

**FEÍSIMO**

**PELUDÍSIMO**

10. Coloca agora o superlativo destas palabras e ten en conta que pode haber algún superlativo especial.

**ANTIGO** ▶ \_\_\_\_\_

**FIEL** ▶ \_\_\_\_\_

**POBRE** ▶ \_\_\_\_\_

**GRANDE** ▶ \_\_\_\_\_

**ATENTO** ▶ \_\_\_\_\_

**BAIXA** ▶ \_\_\_\_\_

**GUAPO** ▶ \_\_\_\_\_

**AMABLE** ▶ \_\_\_\_\_

**CÉLEBRE** ▶ \_\_\_\_\_

**PULCRO** ▶ \_\_\_\_\_

**RICA** ▶ \_\_\_\_\_


**LIMPO** ▶ \_\_\_\_\_

11. E agora imos colocar os antónimos e sinónimos destas palabras que aparecen no poema de Xela.

	<b>ANTÓNIMO</b>	<b>SINÓNIMO</b>
<b>LEVE</b>		
<b>BRANDÍSIMO</b>		
<b>FRESCAS</b>		
<b>BRANCAS</b>		
<b>FINO</b>		
<b>FARTO</b>		
<b>ABERTOS</b>		

12. No texto aparecen palabras como cálida, frescas, sol... que están relacionadas co clima. Completa este climograma.

	<b>X</b>	<b>F</b>	<b>M</b>	<b>A</b>	<b>M</b>	<b>X</b>	<b>X</b>	<b>A</b>	<b>S</b>	<b>O</b>	<b>N</b>	<b>D</b>
<b>T (°C)</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>14</b>	<b>16</b>	<b>18</b>	<b>22</b>	<b>25</b>	<b>25</b>	<b>23</b>	<b>19</b>	<b>16</b>	<b>13</b>
<b>P (mm)</b>	<b>60</b>	<b>40</b>	<b>18</b>	<b>15</b>	<b>10</b>	<b>3</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>4</b>	<b>27</b>	<b>80</b>	<b>70</b>






**DRÁCULA**

Tradución: XELA ARIAS

**BRAM STOKER**



## **DIARIO DE JONATHAN HARKER (Notas taquigráficas)**

3 de maio, Bistritz. Saín de Munic ás 8,35 da tarde o un de maio e cheguei a Viena nas primeiras horas da mañá seguinte; debería chegar ás 6,46, pero o tren viña cunha hora de atraso. Budapest parece unha cidade marabillosa, xulgando polo que puiden enxergar desde o tren e mais polo curto paseo que dei polas súas rúas. Non me atrevín a me afastar demasiado da estación, pois chegamos tarde e habíamos partir o máis cerca da hora sinalada que fose posible. A impresión que recibín foi que estabamos saíndo de Occidente e internándonos no Oriente. A máis occidental das espléndidas pontes que cruzan o Danubio, que aquí acada unha profundidade e anchura verdadeiramente nobres, mergullounos nas tradicións dos dominios turcos.



Partimos bastante ben de tempo, e chegamos logo da anoitecida a Klausenburg. Parei, para pasar a noite, no hotel Royal. De xantar, ou máis ben de cea, tomei un polo un pouco forte, adobado con pemento; era moi bo, pero deume moita sede. (Teño que pedirlle a receita para Mina). Pregunteille ao camareiro, e dixo que se chamaba *paprika kendl*, e que, como era un prato nacional, podería tomalo en calquera outro lugar dos Cárpatos. Aquí fóronme moi útiles os meus escasos coñecementos de alemán; de feito, non sei que había facer sen eles.

No tempo libre durante a miña estadía en Londres visitei o Museo Británico, e na biblioteca consultei libros e mapas relacionados con Transilvania.



3. Polo texto sabemos que o Museo Británico está en Londres. Serías quen de relacionar os nomes dos diferentes museos que se propoñen coa cidade na que están ubicados?

**Museo do Louvre**

**Nova York**

**Museo Nacional do Prado**

**Londres**

**Metropolitan Museum of Art**

**Madrid**

**Museo da Acrópole**

**Atenas**

**Galería Uffizi**

**Florenxia**

**The national Gallery**

**Málaga**

**M.N. Centro de Arte Raíña Sofía**

**París**

**Centre Pompidou**

**Madrid**

4. Agora pensa que estás a carón da ponte de San Alberte, en Parga, no concello de Guitiriz (Lugo). Fai unha breve descrición do que podes ver dende esa posición. Lembra as instrucións para facer unha boa descrición.

---

---

---


---

---


---

---

---



5. Segundo o DIARIO DE JONATHAN HARKER, saíu de Munic ás 8:35 h da tarde, que corresponden coas 20:35 h. Saberías a que hora dixital corresponden as seguintes horas analóxicas? Se son as 20:00 h en Santiago, que hora será nas capitais desta táboa?



**O meridiano 0 ou Meridiano de Greenwich é o eixo do primeiro fuso.**

HORA ANALÓXICA	HORA DIXITAL	PAÍS	HORA
Seis en punto AM		Lisboa	
Catro e cuarto PM		Tokio	
Dez e media AM		Bos Aires	
Dez e cinco PM		Viena	
Doce e vinte AM		Berna	
Tres e dez PM		Moscú	

6. «...polo un pouco forte, adobado con pemento...». Ao ler isto na lectura abríuseme o apetito. Saberás relacionar cada país coa súa comida típica?

**ESPAÑA**

**EEUU**

**TURQUÍA**

**PORTUGAL**

**REINO UNIDO**


**FRANCIA**

**VENEZUELA**

**PERÚ**

**XAPÓN**

**MÉXICO**



**TACOS**

**CEVICHE**

**ROSBIF (roast beef)**

**CRÊPES**

**AREPAS**

**SUSHI**

**DONER KEBAB**

**TORTILLA DE PATACAS**

**HAMBURGUESA**

**BACALLAU**

7. A comida típica italiana é a pizza... e falando de pizza, se ti comes  $\frac{2}{16}$  dunha pizza, a túa irmá come  $\frac{1}{4}$  e túa nai  $\frac{3}{8}$ , quen comeu máis pizza? Canta pizza se comeu en total? Escribe todas as fraccións que empregues neste problema tamén en números decimais.



8. VIENA, a capital de Austria, queda a unhas dúas horas e media en tren doutra cidade preciosa... BUDAPEST, a capital de Hungría. Averigua de onde vén o nome desta fermosísima cidade e elabora un texto con información dela: que lugares e monumentos que visitar, o seu río, a extensión, o número de habitantes... o que consideres máis interesante e queiras aprender.



9. Os Cárpatos son a segunda cordilleira máis longa de Europa, despois de ...

Investiga o nome de catro grandes cordilleiras do mundo (que probablemente xa coñezas) que non sexan as dúas xa mencionadas e di tamén o nome do seu pico máis alto. Se visitas a páxina de SETERRA (seterra.com) poderás aprendelas xogando.

